

## ENCONTRO SOBRE ENERXIAS RENOVÁBEIS NA ECONOMIA SOCIAL E SOLIDÁRIA EN GALIZA

4 de Xullo de 2012 - Cuarta Feira / Mércores

Centro Sociocultural de O Castiñeiriño. r/ Virxe de Fátima, s/n.  
Santiago de Compostela  
Tfno:981 542 459

### Introdución

Este Encontro enmárcase dentro da estratexia da Federación de Cooperativas SINERXIA e outras organizacións e redes da economía social e solidária en Galiza e noutros territorios estatais do fomento e afortalamiento da intercooperación através de mercados de economía social e solidária.

Trátase de que as persoas que fan parte das organizacións de economía social e solidária practiquen a intercooperación na súa vida cotiá, através da merca de produtos e servizos en organizacións de economía solidária e o depósito dos aforros en entidades de finanzas éticas.

Daquela, **procúrase o desenvolvemento de redes que intensifiquen as prácticas concertadas de intercooperación** cuxos nos serían as organizacións de economía social e as persoas e colectivos consumidores e aforradores responsábeis, que darían lugar aos intercambios de bens e servizos con carácter regular en territorios determinados e sobre criterios de democracia, equidade, respecto ao méio e solidariedade, co obxecto de atender as necesidades das súas integrantes, e abranguendo todo o circuíto de circulación económica desde a produción ao consumo, sen esquecer o aforro e o crédito. Estas redes coñecemos-las co nome de **mercados sociais**.

Nos últimos anos estanse a promover unha serie de iniciativas que procuran camiñar na creación e consolidación de mercados de economía social e solidária. Como exemplos podemos pór a Red de Economía Solidaria de Aragón, a cooperativa catalá de servizos para a economía social Arç Cooperativa coas que xa estamos a ter Encontros, sen esquecer o ámbito das finanzas éticas através da cooperativa de servizos financeiros éticos e solidarios Coop57 e Fiare. Todas elas pretenden desenvolver estes procesos desde o tecido cidadán e asociativo da economía solidária que fan parte das mesmas, entre outros territorios en Galiza.

O actual momento da crise económica, social e ecolóxica do sistema capitalista é unha boa oportunidade para que as organizacións de economía social e solidária aprofunden e potencien os procesos de consolidación de mercados sociais.

## Obxectivos Xerais

- Coordinar con cooperativas e outras organizacións de economía social, colectivos e persoas interesadas, o fomento e a creación de **redes** de cooperación no ámbito dos mercados sociais en Galiza, sen perder de vista outras redes estatais.
- Dar a coñecer e pór en práctica a filosofía e as vantaxes da **intercooperación** e os outros principios e valores cooperativos para organizar estratexias de mercados de economía social.
- Dar a coñecer experiencias de mercados de economía social e solidaria.
- Realizar unha diagnose e dinamizar un plano de traballo para crear e consolidar iniciativas de mercados de economía social e solidaria en Galiza.

## Obxectivos Concretos

- Posibilitar un lugar de encontro e reflexión da situación actual do sector das **enerxias verdes** desde a dupla perspectiva dunha entidade produtora e consumidora e ao tempo como persoas físicas e xurídicas usuarias deste servizo.
- Divulgar experiencias **innovadoras** de mercados de economía social e solidaria como a da cooperativa **Som Energia** na construción e afortalamiento de mercados sociais dun xeito teórico e práctico.
- Concretar a necesidade dun proceso de maduración para mancomunar o acceso a enerxias renovábeis através de iniciativas / redes no ámbito da economía solidaria galega. Estabelecer as bases e integrantes sobre as que concretar a dinamización do anterior proceso.

## Programa

*17:15 h: Acreditacións e benvida ás persoas participantes.*

*17:30 h: Apresentação do Encontro*

*17.40 h: Som Energia: Apresentação e enerxias renovábeis / Ana Marco - Som Energia*

*18:40 h: Pausa*

*18:50 h: Som Energia: Visión de futuro / Ana Marco - Som Energia*

*19:20 h: Necesidade e concreción dunha estratexia autoxestionaria e mancomunada de acceso a enerxias renovábeis através das organizacións e redes da economía social e solidaria en Galiza / Dinamiza : Equipa Técnica de SINERXIA*

*20:20 h Conclusións*

*20:30 h: Fin do Encontro.*

## Destinatárias

Con preferéncia esta actividade estará dirixida aos membros de organizacións e redes de economía social e solidária de Galiza (cooperativas; sociedades laborais; asociacións; empresas de inserción; movementos sociais; montes veciñais en man común; ...) e iniciativas autoxestionarias no eido das enerxias renovábeis en Galiza, sen prexuízo de persoas a título individual interesadas e/ou coñecedoras da temática da actividade.

## Metodoloxía

Terá un carácter participativo coas organizacións, colectivos e persoas interesadas nesta actividade e programa. Tratarase de empregar, para alén das exposicións que se realicen, ferramentas que favorezan a implicación das participantes, o debate e o intercambio de ideas.

## Información e Inscripcións

As persoas interesadas en participar **pódense inscribir enviando un correo-e a [sinerxia@sinerxia.org](mailto:sinerxia@sinerxia.org)** co seu nome e apelidos; DNI; entidade á que pertencen e teléfono de contacto.

Tendo en conta que temos un **aforo limitado**, procuraremos que poidan participar a maior diversidade de organizacións e redes interesadas e **estabelecemos como data límite para formalizar a inscrición o día 1 de Xullo** para facilitar os labores organizativos do Encontro.

Máis información sobre esta actividade tamén se pode obter nos **teléfonos de SINERXIA 986 896 526 e 673 524 748** através de Pilar López e Ramón Carmelo.

## Som Energia Coop.

Som Energía é a **primeira cooperativa de enerxía renovábel de todo o territorio español**. O modelo xa está moi desenvolvido e funcionando con éxito en países do norte de Europa, como o Reino Unido, os Países Baixos, Bélxica e Dinamarca. Alí, centos de miles de propietarios son membros de cooperativas sen ánimo de lucro que lles proporcionan enerxía verde xerada por muíños eólicos, placas solares, plantas de biogás, etc.



Estes proxectos son demasiado custosos para leva-los a cabo de forma individual, por iso o que Som Energía ofrece é a oportunidade, para miles de persoas que apoian a idea de subministrar enerxía ao seu fogar con electricidade xerada no ámbito local, de xeito limpo e sustentábel, de unir-se para que isto sexa posíbel.

Como cooperativa sen ánimo de lucro, Som Energía comeza a vender enerxía verde desde fontes existentes en outubro de 2011. É enerxía comprada desde o mercado e vendida ás sócias. No entanto, desenvolven os seus propios proxectos de enerxía renovábel rendíbeis para producir enerxía para os seus membros. Isto permite utilizar enerxía de orixe renovábel

e a prezo accesíbel nos fogares, e de forma simultánea participa na transformación no noso país nun lugar sustentábel e ambientalmente respectuoso para vivir. Alén do máis, non precisa mudanzas no xeito de recibir a electricidade no propio fogar: Som Energia encarga-se dos requisitos administrativos necesarios para garantir que a enerxía recibida provén dunha fonte renovábel.

### **Por que ser sócia de Som Energia?:**

1. Porque todo o mundo pode participar e ter acceso á enerxía de orixe renovábel
2. Porque podes investir de forma directa en proxectos renovábeis para desenvolver unha economía sustentábel.
3. Porque es copropietaria e todos os membros teñen igual voto coa única achega reembolsábel de apenas 100,00 €.
4. Para gañar independencia das grandes compañías enerxéticas.
5. Para gozar dun mellor servizo, con información veraz e cun trato persoal.
6. Porque é un modelo de negocio óptimo ao ser:
  - sen gastos en publicidade
  - sen grandes soldos a directivos
  - con oficinas modestas e eficientes
  - cunha xestión e comunicación via web
7. Para criar un movemento social a favor das renovábeis e a participación cidadá, que entre outras estratexias favorece a creación de Grupos Locais nos que haxa sócias dispostas a difundir a Cooperativa e procurar posíbeis proxectos na súa contorna.
8. Porque non son apenas palabras, con Som Energia actúas facendo un consumo responsábel e facendo investimentos directos para xerar boa enerxía.

Máis info : [www.somenergia.coop/benvidos-a-som-energia](http://www.somenergia.coop/benvidos-a-som-energia)

Pontevedra, 20 xuño de 2012